



BASES CONCURSO, DESFILE E FESTIVAL DE MURGAS, COMPARSAS E CARROZAS DE RIBEIRA. ENTROIDO 2024

1.- O Desfile de Murgas, Comparsas e Carrozas así como o Concurso de Murgas celebrarase en Ribeira o **martes 13 de febreiro en horario de tarde.**

2.- As Murgas, Comparsas e Carrozas deberán representar a unha asociación, entidade ou agrupación de interesados/as. As murgas, comparsas e carrozas serán seleccionadas pola organización tendo en conta en primeiro lugar a antigüidade de participación neste evento e en segundo lugar a data e número de rexistro da súa inscrición no festival.

3.- Establécense as seguintes categorías/modalidades:

a) **Murgas categoría adulta:** Máx. 10 agrupacións, das que 6 serán do termo municipal e 4 do resto de Galicia. De non cubrirse os máximos admitiranse todas as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos destas bases.

b) **Murgas categoría infantil:** Máx. 5 agrupacións.

c) **Carrozas de Entroido:** Máx. 5 agrupacións.

d) **Comparsas (categorías adulta ou infantil):** Máx. 5 agrupacións.

*No caso de haber máis solicitudes poderase realizar unha preselección no día e lugar que indique o Concello de Ribeira ás agrupacións participantes.

4.- Establécese o seguinte número de integrantes así como as idades dos mesmos:

4.1- As Murgas e Comparsas na **categoría adulta** deberán estar formadas por un **mínimo de 12 participantes** de 16 anos en diante, sen límite máximo de participantes (poderán incorporar nenos/as sen número máximo). Os participantes menores de 16 anos non se terán en conta para determinar o número mínimo de integrantes da formación.

4.2- As Murgas e Comparsas na **categoría infantil** (non haberá carrozas nesta categoría) deberán estar formadas por un **mínimo de 18 participantes**, e contarán con 1 adulto (como máximo) por cada 5 nenos/as. Estará formada por nenas e nenos, ata 15 anos incluídos.

4.3- As Carrozas deberán estar formadas por un **mínimo de 6 participantes** maiores de 16 anos, sen límite máximo (poderán incorporar nenos/as sen número máximo aínda que non se terán en conta para determinar o número mínimo de participantes).

Enténdese por carroza, a estes efectos, unha estrutura de grandes dimensións sobre rodas, ben sexa autopropulsada ou remolcada, confeccionada ao efecto e convenientemente deseñada e decorada. As carrozas deberán cumprir o esixido no Anexo 1 e respectar a normativa de seguridade aplicable. Non poderán inscribirse como carroza turismo particulares decorados.

5.- Para ambas as dúas categorías das Murgas (infantil e adulta), **as letras deberán ter unha extensión máxima de 2 cancións, non superiores no seu conxunto a 70 versos, nin dunha duración total superior a 10 minutos (incluíndo música, posta en escena e coreografía), quedando excluídas do premio aquelas**





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

actuacións que superen os 10 minutos de duración. Promoverase o uso da lingua galega nas letras, feito que será de especial valoración por parte do xurado no momento da súa deliberación.

6.- O vestiario debe estar en consonancia con algún dos temas principais das letras das murgas ou un tema de actualidade, temática de Entroido ou interese xeral.

7.- Poderanse introducir elementos complementarios en relación coa interpretación dos temas e letras, sempre que non constitúan un risco nin perigo para a cidadanía ou motivo de ofensa á honra e dignidade das persoas, asumindo o representante de cada murga ou comparsa a responsabilidade ante reclamacións de terceiros que puideran xurdir en canto ás letras, músicas, vestiarios e outros. Unha Comisión Avaliadora encargárase de examinar as letras das murgas previamente co fin de que non conteñan elementos constitutivos de discriminación, incitación á violencia, calumnia, falta de respecto á honra e intimidación ou outros; a comisión estará presidida polas concelleiras de Cultura e Igualdade, contando coa directora do CIM, a normalizadora lingüística e un programador cultural do Concello de Ribeira.

8.- Establécese como data límite de inscrición luns 5 de febreiro, antes das 14:00 h, no Rexistro Xeral do Concello (presencial ou de xeito telemático a través da sede electrónica) ou de xeito presencial entregando as solicitudes e o resto da documentación no Centro Cultural Lustres Rivas. Entenderase que a non presentación dará lugar á non participación no Festival de Murgas.

Xunto coa solicitude de participación, achegarase obrigatoriamente a seguinte documentación:

- **A letra/s da murga - debendo ademais presentalas en soporte dixital xunto ao logo identificativo da agrupación (cd, pendrive, email...).**
- **Relación dos integrantes do grupo (Murga, Comparsa ou Carroza), co nome e apelidos de cada participante, así como o nome da Murga, Comparsa ou Carroza. No caso de non tratarse dunha entidade deberán presentar fotocopia de DNI de todos os integrantes e aplicaráselle o IRPF correspondente á gratificación e/ou premio que corresponda.**
- **Tamén haberá que nomear un representante de cada grupo ante o Concello, que deberá entregar fotocopia do DNI e datos fiscais (CIF da entidade)**
- **Certificado orixinal co IBAN completo da conta bancaria da entidade para o pago da gratificación/premio correspondente.**
- **Modelo declaración responsable das obrigas tributarias asinado.**
- **No caso da participación na categoría de carrozas: Declaración responsable específica asinada.**

9.- O cronograma do desfile e festival de Murgas e Comparsas (día 13 de febreiro) será o establecido a continuación:

- **O evento comezará cun desfile polas rúas da cidade.** Todas as murgas, comparsas adultas e infantís e carrozas inscritas comprométese a tomar parte neste desfile, quedando citados no lugar e hora que a organización estableza, así como a animar a ruada durante o percorrido.
- Unha vez rematado o desfile comezará o Festival, no escenario preparado para tal fin pola Concellería de Cultura.
- No Festival actuarán en primeiro lugar as murgas e/ou comparsas infantís. Ditas actuacións non superarán a duración máxima establecida no apartado 5 destas bases. A continuación comezará a fase de concurso para a categoría de Murgas Adultas, que actuarán na orde que determine o sorteo que se realizará con antelación nas dependencias de cultura e da cal estarán previamente informadas as formacións (quitamos o de orde alfabética).
- Ao remate do Festival procederase á **entrega dos premios** (na categoría de Murgas Adultas e Carrozas) **así como as gratificacións** ao resto de murgas, comparsas e carrozas participantes mediante a entrega dun diploma acreditativo, que será canxeable polo importe sinalado no mesmo, e faranse efectivos mediante transferencia bancaria nos días posteriores ao festival. **A non presenza do representante designado por cada murga, comparsa ou carroza no momento da entrega dos**



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80012C9E600M0H5X7U9U0H3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ANTIA ALBERTE MANEIRO-Concelleira delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar Animal - 08/01/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 08/01/2024 11:21:18

EXPEDIENTE ::
2024CONV000001
Fecha: 05/01/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80012C9E600M0H5X7U9U0H3





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

diplomas e galardóns, considerárase motivo de renuncia á gratificación e/ou premio correspondentes, que inmediatamente pasarán a disposición da organización.

10.- Establécese a contía total de 6.000,00 € para o festival (3.000 € para as gratificacións e 3.000 € para os premios), segundo o seguinte sistema de reparto para as distintas categorías e/ou modalidades:

10.1.- Gratificacións por participación:

- a) POR CATEGORÍA/MODALIDADE:
Máx. 200 € para cada Murga Adulta
Máx. 200 € para cada Murga Infantil
Máx. 200 € para cada Carroza de Entroido
Máx. 200 € para cada Comparsa (infantil ou adulta)

b) POR AMBAS DÚAS CATEGORÍAS:

No caso de que algunha asociación estea representada nas **dúas categorías/modalidades** a gratificación será en conxunto por importe máximo de **295 €** (os membros de cada unha das murgas -infantil/adulta- ou comparsas deberán ser diferentes entre si e acadar os mínimos requiridos).

Nota: No caso de que as gratificacións aos grupos participantes excedan a contía total destinada aos mesmos o reparto será proporcional entre todas elas ata o límite establecido. Ás gratificacións aplicaráselle a retención fiscal que corresponda segundo a lei.

10.2.- Premios fase concurso:

As murgas na categoría de adultos, optarán aos seguintes Premios:

- **Primeiro Premio: 1.000,00 €**
- **Segundo Premio: 500,00 €**
- **Terceiro Premio: 300,00 €**

As carrozas de Entroido, optarán aos seguintes Premios:

- **Primeiro Premio: 850,00 €**
- **Segundo Premio: 350,00 €**

10.3.- As Murgas adultas e Carrozas premiadas no concurso quedarán excluídas das gratificacións e as murgas infantís e comparsas, só recibirán gratificación por participación segundo o establecido no apartado 10.1 destas bases.

10.4.- Para poder acceder a calquera das gratificacións ou premios é necesario facer o percorrido completo do desfile para as murgas, comparsas adultas e carrozas.

11.- Para determinar os premios existirá **un Xurado que estará composto por seis membros: tres profesionais (un por cada categoría a valorar: Letra e Música; Vestiario, Maquillaxe e Perruquería; Posta en escena), a Concelleira de Cultura -ou quen designe- que ostentará a presidencia do mesmo, un membro elixido ao azar polo público e un secretario/a.**

A secretaría do xurado recaerá nun representante da Área de Cultura, con voz pero sen voto. A votación das Carrozas será ao remate do Festival de Murgas (sendo examinadas polo xurado durante o desfile previo ao mesmo). **Para o concurso de Murgas adultas, a votación será ao remate de todas as actuacións previa deliberación do xurado. A decisión do Xurado será inapelable.** En caso de empate priorizarase o criterio do xurado xa que os premios son individuais e indivisibles.

13.- Todas as murgas, comparsas e carrozas participantes aceptan estas bases e criterios no momento da súa inscrición no festival. A organización será competente para resolver calquera dúbida xurdida das presentes bases.

Ribeira, 05 de xaneiro de 2024.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80012C9E600M0H5X7U9U0H3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ANTIA ALBERTE MANEIRO-Concelleira delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar Animal - 08/01/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 08/01/2024 11:21:18

EXPEDIENTE :: 2024CONV000001
Fecha: 05/01/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL





ANEXO 1 ÁS BASES DO CONCURSO DE CARROZAS DO ENTROIDO DE RIBEIRA 2024.

1. Cabeza tractora:

Cada carroza contará cun tractor ou medio de locomoción que o remolque durante o percorrido. En caso de camión-carroza, non será necesario outro vehículo para remolcar.

Os vehículos a motor cumprirán o establecido no RD 2822/1998 (Regulamento Xeral de Vehículos) e deberán contar con: permiso de circulación, de inspección técnica (ITV) e os seguros correspondentes, baixo responsabilidade das persoas que figuren como inscritos.

Os choferes deberán contar co permiso de conducir apropiado para cada vehículo con remolque, que deberá estar en vigor á data do evento.

Por motivos de seguridade, a Policía Local poderá realizar controis de alcoholemia e/ou drogas segundo lexislación vixente.

Os condutores cumprirán o establecido no RD 818/2009 (Regulamento xeral de condutores).

Prohíbese o consumo de bebidas alcohólicas.

Os vehículos de arrastre deberán ter cheo o depósito de combustible para evitar problemas durante o percorrido pola cidade.

2. Remolques – carrozas:

As medidas mínimas serán dun longo de 5 metros, dun ancho de 1,8 metros e un alto de 2 metros.

As medidas máximas serán dun longo non superior aos 8 metros, dun ancho non superior aos 2,5 metros e dun alto non superior a 4 metros.

En ningún caso se poderán exceder as medidas establecidas.

Non deberán posuír elementos cortantes e contar con faldóns que protexan e oculten as rodas.

Os elementos con puntos de ancoraxe automáticos serán facilmente desmontables e non poderán sobresaír dos laterais.

O decorado será de material ignífugo.

Os equipos de son e de luz terán que ir protexidos e ocultos.

Débase evitar utilizar iluminación mediante velas, petróleo, gas ou calquera outro tipo de combustible.

Por motivos de seguridade non se permitirá a reposición de combustible, deberá estar suficientemente dimensionado para evitar a reposición ou levar un grupo de reserva.

3. Normas xerais:

Deberá levar un mínimo dun extintor homologado e revisado por carroza.

A eficacia mínima do extintor debe ser 21A-113B.

Evitarase a utilización de dispositivos lanzachamas nin pirotecnia.

Declaración responsable segundo modelo adxunto.

Cada colectivo deberá presentar a documentación que se lle requira, así como a terse ás instrucións de emerxencia que lles indiquen dende a organización.

Os participantes deberán contar cun seguro de responsabilidade civil conforme a lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas da Xunta de Galicia, que establece un importe mínimo de 150.000 €. Dito seguro, así como o recibo de pago correspondente, poderase esixir durante o transcurso da actividade.



FIRMANTE - FECHA





DECLARACIÓN RESPONSABLE - MODALIDADE CONCURSO DE CARROZAS 2024

Nome e apelidos:	NIF:
Dirección a efectos de notificación:	
Teléfono:	
Email:	
Asociación / Colectivo	NIF:

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE:

1. Estou/Estamos en posesión de toda a documentación precisa, segundo a lexislación vixente, relativa á cabeza tractora e remolque, así como dos extintores, botiquíns de primeiros auxilios e carne de conducir que sexa preciso para o manexo da carroza. A dita documentación poderáseme exixir en calquera momento antes ou durante o transcurso da actividade.
2. Cumpro/Cumprimos e teño/temos en vigor o seguro de responsabilidade civil conforme aos capitais mínimos da póliza establecidos na disposición transitoria terceira da lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas da Xunta de Galicia. O dito seguro, así como o recibo de pago correspondente, poderáseme exixir antes ou durante o transcurso da actividade.

Ribeira, a _____ de ____ de 2024

Sinatura.

Nome e Apelidos e selo da Asociación/Colectivo.

ADVÉRTESELLE QUE: segundo o art. 69 bis da Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa ou a non presentación diante da Administración competente da declaración responsable ou comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penades, civís ou administrativas a que houber lugar. Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar o deber do Interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo dado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.



FIRMANTE - FECHA





C O N C E L L O
D E
R I B E I R A

(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ENCONTRARSE AO CORRENTE DAS OBRIGAS
TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.**

D / Dna.
con DNIen representación da murga/ carroza/
comparsa

DECLARA baixo a súa responsabilidade

QUE a agrupación á que represento está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa
Seguridade Social.

E para que así conste, asino a presente declaración.

En,dede 2024.

Asdo.....



La autenticidad de este documento
se puede comprobar con el código
07E80012C9E600M0H5X7U9U0H3
en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

ANTIA ALBERTE MANEIRO-Concelleira delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar Animal -
08/01/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 08/01/2024 11:21:18

EXPEDIENTE ::
2024CONV000001
Fecha: 05/01/2024
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO
GENERAL

